

Frontera España-Portugal: documentación lingüística y bibliográfica -
<http://www.frontespo.org>
Localidad: Sela (Arbo). Pontevedra
Identificador de la grabación: ESP001001-006
Fecha de la entrevista: 30/1/2016
Entrevistadores: David Rodríguez Lorenzo
Informantes: Antonio Lorenzo, José María Gregorio
Versión de la transcripción: 1
Revisada: No

Licencia de uso CC BY-SA 4.0

Entr. 1 (DRL) Que tal se fala aquí o... o galego.

Inf. 1 (AL) Aquí eu creo que é unha mezcla.

Inf. 1 (AL) Eu creo que d- | se fala bastante mezcla de portugués, hai, hai palabras que se m-, que se mezclan, esco- | vasoira, cousas... cousas que se mezclan con Portugal, si, si, si.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Entr. 1 (DRL) E no- | ?

Inf. 2 Xa, xa houbo muitas máis, eh.

Entr. 1 (DRL) Si?

Inf. 1 (AL) Si.

Entr. 1 (DRL) E notas diferencia na maneira de falar de aquí a outras localidades veciñas?

Inf. 1 (AL) Si... home, por exemplo, eu estuven alá arriba, no teu... na túa zona e alí fálase un galego... bastante diferente, si.

Entr. 1 (DRL) Si.

Entr. 1 (DRL) Moi diferente.

Inf. 2 Na parroquia de Barcela xa se [xxx] muitas palabras diferentes... e aí en Vide, igual.

Inf. 1 (AL) [Tose]

Inf. 1 (AL) Si.

Inf. 1 (AL) Si, si, si, si, si.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Inf. 1 (AL) É bastante, aquí é bastante...

Inf. 2 E en San Ciprián, en San Ciprián, aínda hai máis
diferencia.

Entr. 1 (DRL) E entre a xente máis, máis nova e a xente máis vella,
fálase distinto?

Inf. 1 (AL) Si, de hecho, muita xente nova eu creo que hasta lle
parece un pouco cutre o galego e fala castellano así chapurreado, que hai
algúns que para oílos falar e... [xxx] [Riso]

Entr. 1 (DRL) [Riso]

Inf. 1 (AL) Pero... si, si, si, si, si, bueno, á parte que sabes
que a juventud ahora utiliza muita palabra así raras [sic] -non?

Entr. 1 (DRL) Entón |

Entr. 1 (DRL) [Riso]

Inf. 1 (AL) Está falando ao mellor galego e mete cousas polo
medio que... que dis ti, "bueno, e a que vén... ?" si... si, si.

Entr. 1 (DRL) [Riso]

Entr. 1 (DRL) [Riso]

Entr. 1 (DRL) Entonces, nese sentido, xa é unha cuestión de
opinión, como, como ves o futuro... o futuro da | do idioma?

Inf. 1 (AL) Pois eu... p- | tendo en cuenta as | o rural, creo
que non ten duda... podría continuar a cousa máis ou menos, pero tendo en
cuenta... o que é, o que é, o que n- | por onde nos levan as autoridades e por
onde vai a... a | o tema da... | desde | de, de, de donde debían... privar |
primar o galego e, e... e que a xente realmente fora por ese camiño, pois eu
desde aí véxoo difícil.

Inf. 1 (AL) Ahora, nas | no, no rural eu creo que a xente fala
m-, maioritariamente o galego, e hai muita xente xoven que fala o galego, eh,
incluso xente preparada, xente que foi á universidade e que fala galego.

Entr. 1 (DRL) Moi ben.

Inf. 1 (AL) Que nos dan muitas veces exemplo a xente que... sale
de aquí, vai a Vigo, bota unha semana e vén falando o castelano [sic] | o
castelán, que iso pasa muito, eh.

Inf. 1 (AL) Pasaba máis antes, pero aínda pasa tamén.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Entr. 1 (DRL) E na casa, por exemplo, como, como... como fala
normalmente, como agora mesmo?

Inf. 1 (AL) No, eu falo así como falo agora aquí, si, si, s- |

Entr. 1 (DRL) E cos fillos... cos netos, non sei se os ten...

Inf. 1 (AL) Si, si, no, non teño netos, pero cos fillos si, si.

Entr. 1 (DRL) Pero | tamén.

Inf. 1 (AL) Aunque os fillos falan... [xxx] bueno, os fillos falan así | a m- | a pequena, a miña pequena fala máis castellano, a maior no, a maior fala o que falo eu.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Inf. 1 (AL) [Tose]

Entr. 1 (DRL) E nalgunha situación... cambia para, para o castelán ou... ?

Inf. 1 (AL) Si, a veces están no medio dunha conversación con xente e están falando galego e de repente empezan a falar cast- | eu falo sempre igual.

Inf. 1 (AL) E o galego que falo é malo, eh.

Inf. 1 (AL) Escribir non teño nin... puñetera idea, que ese é o problema, porque nós nunca | na época nosa non se escribía o... o galego.

Entr. 1 (DRL) [Riso]

Entr. 1 (DRL) Xa, xa.

Inf. 1 (AL) Falábano na casa, pero no colegio falabas o castellano, entón resulta que agora eu no | o caste- | o galego non o sei escribir... falar sei mal, pero escribir nin puñetera.

Entr. 1 (DRL) Claro.

Entr. 1 (DRL) Claro.

Inf. 1 (AL) Si que é un, é un déficit importante, si.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Entr. 1 (DRL) Bueno, é | pero hoxe xa | eso xa non, xa non pasa, claro, agora xa estudiamos... os da miña xeración e incluso algúns máis | un pouco máis, máis vellos, xa estudiamos todos na escola.

Inf. 1 (AL) Si... si, si, si, si.

Inf. 1 (AL) Si, claro, claro, claro, que é unha cousa a favor, si.

Entr. 1 (DRL) Moi ben.

Entr. 1 (DRL) Dentro desta, desta área, [Emisión] imaxino que hai unha certa unidade... lingüística -non?- [Emisión] Arbo, As Neves, tal... onde empeza a considerar xa que, que, que, que empeza a ser diferente?

Inf. 1 (AL) Eu non cho sabría dicir, o que pasa é que, eu creo que máis a partir de A- | de Salvatierra, Puenteareas, eu creo que aí xa hai xente que parece que -non sei- que parece que, que, que é unha desgracia falar galego, eu conozco algunha persona... que aunque é de aquí dos pueblos e vive alí, [Emisión] me dá a impresión que...

Entr. 1 (DRL) [Riso]

Entr. 1 (DRL) [Riso]

Entr. 1 (DRL) [Riso]

Inf. 1 (AL) Non sei por que -non?- pero... pero o | polo | por aquí, como dicía José María, en xeral hai palabras que cambiamos, os de Arbo cos de Vide, cos de tal, pero... vamos... agora hai xente [Riso] | hai, hai sitios que, que notas que hai unha diferenza de, de... de trato, que non, non ven o galego con, con... con os ollos | todo o ben que o tiñan que ver, vamos.

Entr. 1 (DRL) Si, bueno [Riso].

Entr. 1 (DRL) [Asent]